

Recollida *SOLIDARIA* para a COCIÑA ECONÓMICA da Coruña

Estimadas familias:

No Colexio a educación en valores do alumnado, forma parte fundamental do proxecto educativo. Facer actividades visibles e próximas facilita a percepción da necesidade destas actuacións. Queremos sumar un curso máis, unha acción moi práctica e solidaria que consiste na tradicional campaña de recollida de alimentos. Por isto, pedimos a vosa colaboración e participación.

Esta entidade benéfico social é ben coñecida na cidade, xa que leva máis de 130 anos facilitando comida de balde a quen a necesite, tanto no seu comedor como nos puntos de recollida que teñen pola cidade. Nos últimos anos tamén ampliaron os seus servizos: aseo (duchas), roupa e asesoramento.

Os responsables da Cociña Económica pedíronnos preferentemente os seguintes produtos:

- ☞ **ALIMENTOS:** FABAS, LENTELLAS, GARAVANZOS, SAL, ACEITE, AZUCRE, ATÚN, MACARRÓNS, CAFÉ MOÍDO*
- ☞ **PROD.HIXIENE:** CHAMPÚ, XEL, MAQUINIÑAS, ESPUMA DE AFEITAR, CEPILLOS E PASTA DE DENTES*
- ☞ **PROD.INFANTÍS:** LEITE DE CONTINUACIÓN, CUEIROS, POTITOS E TOALLIÑAS*

*Animámosvos a participar activamente cos vosos fillos-as, deixando o que poidades diante da conserxería do Colexio. O prazo será **ata o Xoves 20 de DECEMBRO** a primeira hora, momento no que recollerán todas as doazóns.*

Aproveitamos a ocasión para saudarvos e agradecervos a todas e todos anticipadamente, a vosa implicación e colaboración nesta nova campaña solidaria do nadal.

A Coruña, 11 de decembro de 2018

A Dirección